



ISBN 84-95350-66-1
9 788495 350664

Lupe Gómez naceu en Fisteus, aldea do concello de Curtis en 1972. Estudiou xornalismo en Compostela e desde o seu oficio mantén columnas abertas na prensa galega. Poeta tamén, os seus libros significaron un baño de naturalidade, valentía e frescura para as letras galegas do fin do século XX. Con esta obra abre un novo camiño de creación en clave biográfica.

Fisteus era un mundo é un libro escrito para que a aldea non morra nunca. A narración dun mundo que tivo medo de dicir a súa historia, que agora lanza a súa vindicación do idioma, do país e da terra. Naceu a memoria dos atrancados, deixando atrás a infancia. Dos tempos de ajeite como muller que chegan ás páxinas en carne viva.

7



Froita do tempo
A NOSA TERRA

FISTEUS
ERA UN MUNDO
Lupe Gómez

Director editorial: Cesáreo Sánchez Iglesias
Coordinador de edicións: X. Enrique Acuña

1ª edición: Xaneiro 2001
© Lupe Gómez Arto
© Promocións Culturais Galegas, S. A.
Apartado postal 1371, 36200 Vigo

I.S.B.N. 84-89350-66-1
Dep. legal: VG-1-2001

Impresión e encadernación:
Comercial Gráfica Nós, S. A.
Príncipe, 22, 36202 Vigo



A NOSA TERRA

R- 3561728

Eu nacín nunha aldea pequena, Fisteus. Un lugar impresionante. Noto que hai como un medo na xente a decir que é da aldea. Eu tiven ese medo. Aínda non sei seguro se o superei. Habería que superar tantos medos... Ser da aldea en Galicia aínda é como ser doutro planeta. Como se fóssemos marcianos. Cando en realidade Galicia sempre foi rural. Temos que deixar de ser nenos tontos e facernos adolescentes e medrar. Medrar, para non termos vergoña de ser como somos. Fillos e amantes do campo.

As cidades sempre son máis feas que a natureza. Ás cidades gústalles matar a natureza. No

instituto onde eu estudiaba, na Coruña, díxenlles que na miña casa tiña porcos e ríronse de min e miráronme como se viñese doutro mundo. A que me tiña que rir era eu, ríreme deles, pero ríanse eles de min. As cousas ás veces son tristes. Pero imos progresando. Cada vez os nenos da aldea espabilan máis e senten como un orgullo —ou como algo normal— ser de onde son. É importante non mutilarnos, non rompernos por dentro.

Hai que levar sempre a fachenda por diante, como unha bandeira nos nosos corpos. Aquí en Galicia houbo unha guerra. Unha guerra entre bandos absurdos, porque a guerra sempre é absurda. Pero destrúe e fai moitísimo dano. Aquí en Galicia houbo unha ditadura e mallábante a paus se querías ser da aldea. Ser da aldea era difícil. E por iso hai e había tanto señorito e señorita nas cidades que se mofaban dos que viñamos do outro norte, a aldea. A min dábame medo esa xente, moito medo. Eu tiña trece anos cando marchei estudar á Coruña. Gustábame estudar. Sentada nunha pena de

Fisteus, soñei con marchar. Era para min unha aventura. Eu quería ver mundo e abrir a cabeza. Pero na Coruña sentínme mal. A xente era grande e fina e castelá. Decateime de que a miña aventura non tivera moito sentido. Estaba nun ambiente hostil para min. Todos os domingos uns familiares víñanme buscar para levarme en coche a aquel mundo raro. Eu sentía que me roubaban. Roubábanme, agora seino, o orgullo. Eu, que falara galego de toda a vida, paseime ao castelán. Non me quedaba máis remedio se non quería que aqueles grandes monstros da cidade me matasen coa mirada, cos prexuízos. Os prexuízos son moi malos. Os negros, os xitanos, os da aldea... merecen respecto. Nunca debemos encarcerar a nosa angustia. Eu encarcerei a miña angustia e falei castelán. Coa impresión de que Fisteus quedaba a cinco mil quilómetros e de que era algo que debía abandonar.

Eu son tímida pero alí na Coruña fixenme “hipertímida”. Sentía raiba contra os señoritos que me daban medo. E non falaba. Estiven

muda. Racheime no interior. Andaba como un fantasma polo instituto. Un fantasma envolto de dor e terra. A terra de Fisteus, que levaba dentro de min. Ser da aldea era como un pecado, e eu sentíame mal.

Os fins de semana ia á discoteca a Curtis e había un mozo xornalista, e maior que eu, que me gustaba. Eu faláballe á miña amiga Chefi del nos recreos. Falabamos moito do meu amor. A miña amiga Chefi era case a única amiga que tiña. A única que me aceptaba e entendía. Unha vez fun á súa casa e impresionoume. Todo tan limpiño e luxoso. Ela tiña na súa habitación un gran aparato de música e discos. Eu nunca vira un disco. Tamén me fixei en que tiña un sofá na habitación, e todo moi ben decorado, e un edredón. Eu non sabía aínda o que era un edredón. Quedei apampada. Chefi era especial.

Pero eu ao resto da xente tíñalle medo. Eu vivía cunha viúva dun tío meu. Unha señora maior, que viñera da aldea. Viviamos soas as dúas nun piso que daba ao mar. Chamábase

Manuela e era moi boa e sempre estaba triste. Conmigo falaba galego pero co resto do mundo falaba castelán. Eu observaba o mar e parecíame bonito, pero non era como estar na miña casa. Non atopei a aventura que buscaba. Quero decir que o que soñara sentada nunha pena de Fisteus era outra cousa. Non sabía que ía encontrar tanta intolerancia. Non sabía que ía aprender o meu enorme pudor. Non sabía que a cidade ía ser un escenario de medo. Eu soñara con medrar alegre. Soñara con coñecer outras cousas, outras xentes. Non pensei que ía atopar verdadeiros demos. Eu "vío o demo" na xente.

Eu polo menos sabía falar o castelán. Moito máis terríbel sería aínda se non soubese. Aprendín naqueles catro anos a esconder. Esconder o meu pasado, a miña aldea, a miña orixe. Eran cousas malas que tiña que tapar. Só coa miña amiga Chefi atopaba a liberdade. Tamén atopaba a liberdade nos estudos. Gustábame estudar. Pasaba moitas horas cos libros. Sempre foi así desde que nacín. Pasaba tardes enteiras fa-

cendo comentarios de texto, para as clases de Literatura, e era feliz. Feliz no meu mundo pequeno. Ás veces levantábame e miraba o mar e todo me parecía estúpido. Estaba lonxe da vida. Cidade significaba amputación do que levaba dentro, de todo o que quero contar neste libro. Quero escribir, cuspir e lembrar. Non quero ser de Curtis nin da Coruña nin de España. Quero ser de Fisteus.

Quero devolver a dignidade perdida á xente coma min. Quero que os rapaces da aldea sexan máis felices do que eu o fun. E sobre todo, que se sintan orgullosos e que sexan altivos e que non sintan ese medo no corazón que eu sentín.

Eu agora falo galego sempre. Pero ás veces vou ao Corte Inglés coas miñas irmás e elas cambian o idioma para someterse ás presuntas leis dos coruñeses. E paréceme tan, tan, tan triste... e dígolles "falade galego", pero non é nada. Elas insisten en "castellanear" como se o castelán fose o idioma oficial de Galicia. Como se o galego fose algo soterrado nos nosos cora-

zóns de marcyanos no mundo. As dependentas do Corte Inglés, todas preparadas e pintadas, si que son marcyanas e xenófobas. Non todas, pero si a maioría. Fan que non che entenden o galego, non che falan en galego. É como se che pegasen na cara. E a min doime polas miñas irmás, porque sei que se senten mal.

Ser da aldea non é mellor nin peor que ser doutro sitio. Cada un é dos seus pais e de onde nace. Cada un leva o peso da vida como pode. E xa bastante pesa a vida como para que aínda nos compliquen máis. Aínda agora hai quen vai ás vilas de Galicia e chámalles paletos aos que nunca saíron da vida do campo, que son diferentes a nós, que son como indios nunha reserva. E rinse deles. Eles teñen dereito a que ninguén se mofe deles, dos seus coloretos na cara, das súas expresións brutas, da súa roupa, do seu xeito de andar, comportarse e falar. Esa xente, que non viu moito mundo, está cargada de beleza. Eu quero defender esa xente, porque forman parte de min e eu formo parte deles. Non quero que a aldea morra. Quero levala

sempre dentro de min como un tesouro. Un tesouro agochado que quero abrir.

A aldea é a miña infancia, o meu espertar. Nacín alí, non fun a ningún hospital a nacer. Fun unha nena moi querida e mimada, a máis pequena de cinco irmáns. Nacín nunha familia pobre e digna. Eramos pobres pero non nos preocupaba demasiado. Quero decir que viviamos ben sen consumismo. En vez de ter mil xoguetes tiñamos dous ou tres e dabámoslles unha importancia enorme a eses poucos xogos. Unha vez, de pequecha, leváronme meus padriños á tenda *El Pote* na Coruña e vin un departamento cheo de bonecas. Nunca vira tantas xuntas. Non as desexei, non as pedín. Maravilláronme. Impresionáronme. Quedei como parva mirándoas. Tan limpiñas e con vestidos tan bonitos. Era como ver moitas princesas de súpeto, porque aquelas bonecas parecían todas unhas princesiñas. Foi como unha visión dun conto. Unha visión feliz. Meus padriños eran e son emigrantes en Alemania. Tiñan a familia en Fisteus e un piso na Coruña. Ás veces

levábanme á Coruña e eu ía feliz, era como coñecer un mundo novo. O piso era grande, tan grande que ás veces eu sentíame pequena e soa. Botaba de menos a miña casa de nove persoas. Botaba de menos o meu habitat natural, Fisteus. Meus padriños eran e son moi bons conmigo. Leváronme por primeira vez ao cine a ver unha película dunha bruxa e agradeceíllelo sempre porque amo o cine. En Fisteus non hai cine. Unha irmá miña, de trinta e nove anos, nunca foi ao cine. A cidade ten cousas boas para a xente do campo. Pero o que ignoramos enormemente é que a aldea ten cousas maravilosas para a cidade. E por iso agora vedes que está tanto de moda o turismo rural. Descubriuse que eses paletos que vivimos no campo, tan denostados historicamente, temos cousas boas para ofrecer. Descubriuse que a vida nas cidades cada vez é máis insufribel. Demostrouse a beleza do campo. Ser da aldea é maravilloso. Ser da aldea é levar a forza e a paz nos ollos.

A miña casa da aldea é un lugar destruído. Pero foi para min como un palacio. Casa de pedra alongada, na que podías correr. Aínda me acordo de cando o chan era a propia terra. Viviamos sumerxidos na terra, no campo. E acórdomes de cando puxeron o cemento, cando destruíron o soño de vivir debaixo dunha árbore. Vivir coas vacas. A corte estaba unida a nós. De pequeniña gustábame ver os becerros por un burato dun muro de madeira que chamabamos "caneirado". Gustábanme os becerros, eran as vacas pequenas. Eran o chiste dos nenos e da casa. Da corte, de vez en cando había que sacar o esterco, para abono das leiras. Era un traballo esforzado. A min os homes dábanme pena, coas súas caras cheas de suor. Parecíame un traballo de moito valor. Parecíame unha peripecia e unha epopeia.

Entre a corte e a cociña estaba o corredor. No corredor os nenos xogabamos. Era como un escondite, era como marchar do mundo, era

como marchar dos maiores. Gustábame a veces escapar do mundo adulto e facer un mundo á altura da nosa inocencia. Xogar era estar vivos. Xogar era unha maneira de reafirmarnos. Os nenos tamén queremos sempre un mundo, un espacio, para nós. Un lugar privado.

Despois estaba a cociña. Na cociña había algo máxico vivindo. Unha persoa. Na cociña da miña casa sempre estivo a miña tía, paralítica, coa súa cama e a súa mesa de costureira. En varias casas da miña aldea había unha "habitación" na cociña, para os máis vellos, para os enfermos. Esa persoa, miña tía, sempre foi unha persoa especial para min. Admirei sempre a súa forza. Eu sempre crin que sacaba aquela coraxe de Deus, do amor que lle tiña a Deus. A relixión pode ser unha fonte de forza.

A lareira. Lugar de xuntanza, de vernos as caras uns a outros, de xuntarnos. O lume. O lume sempre me gustou para pensar. Miralo e pensar era unha experiencia mística. Íaste adurmiñando mirándoo. Íaste quentando e o calor era unha fonte de saudade. Boto de menos aquel

lume. Aquel lume que che lavaba a conciencia. Aquel lume que te facía inocente de todos os pecados do mundo, das guerras, da fame. Ti estabas lonxe. Vivías na lapa. Non tiñas esa culpa cristiana de todo.

A lareira era un lugar moi humano. Na paisaxe da lareira estaba miña nai facendo queixos. Mirala, para os meus ollos de nena, era sempre unha visión impresionante. Aquela dama vestida con farrapos tiña a arte de facer ben os queixos. Eu non o vía como un traballo, eu vía como unha arte. Eu sentaba no banco. Ela no tallo. E mirámonos. Nai e filla mirándose. Eramos o amor.

Conmigo andaban dun lado para o outro, era a pequena. E chamábanme, en vez de Lupe, "nena". Nena para aquí e nena para alí. Non me molestaba o nome nin me molestaba que me quixeran tanto. Eu era unha nena tímida, sen forzas. A miña forza xurdiu cando empecei a estudar e escribir.

Na cociña faciamos o caldo e comiamos. Meu pai sempre sentado no mesmo sitio e

ollando a televisión como un pampo. Sempre me chamou a atención a atención que el lle prestaba ao mundo da imaxe. Un mundo alleo totalmente a nós, que nos colonizaba. Eu sempre pensei que meu pai non lle facía caso á televisión, que a miraba por mirar algo. Pero el non atendía, el pensaba nas súas cousas.

A cociña era relativamente grande e como dixer, na cociña vivía unha persoa. Por iso era unha cociña especial.

Subindo tres escaleiras estaba o celeiro. O lugar das habitacións. Unha tarde de verán, mirando o lume, falei co tío Emilio, un tío avó, que estaba de vacacións na miña casa. E contome que antes no celeiro non había separacións, que dormían todos xuntos. Pensei que esa vivencia deba ser moi graciosa. Cando eu me criei había habitacións, pequenas, escuras, bonitas. Unha delas non tiña paredes, tiña unhas cortinas.

Eu tiña a cama na mesma habitación que meus pais. Os tres eramos un micromundo. Nunca necesitei máis privacidade. Gustábame

estar con eles. Sempre nos deitabamos antes meu pai e eu. Meu pai e eu, frente a frente, falabamos e el fumaba. O meu pai era o meu heroi, o meu amigo, o meu ídolo. Era un home moi bon. Miña nai quedaba un pouco facendo cousas e chegaba máis tarde. Vela espirse era coma un milagre para min. Ver o seu corpo canso do traballo e ilusionado pola vida. Era como ver unha fotografía que me impresionaba. Noite tras noite o ritual repetíase. Aprendín a querer o meu corpo querendo o corpo de miña nai. Era a miña primeira referencia feminina.

Nesa habitación pequeniña e nosa había un armario con espellos e roupa. Cando medrei puxéronme unha mesa nun recunchiño para min. Case xa non quedaba por onde andar. Non había espacio. Pero era bonito que non o houbese, porque todo estaba así cheo de vida e cousas. Cheo da nosa animosidade e da nosa esperanza.

Naquela casa case non había ventás. Todo era pedra. Maravillosa pedra. Había un pequeno

faiado. Eu nunca na miña vida subín a el, dicíame que estaba cheo de arañas e ratos. Pero ás veces subían os homes e eu non sabía por que subían e quería sabelo. Se mo dixeron non me acordo. Eu non preguntaba moito, gustábame o misterio e o silencio. Gustábame —e gústame— estar calada. Aquel faiado misterioso enchou de ledicia a miña imaxinación.

Polas portas e polas pendellas saíase ao exterior. O exterior, o ar, os campos, dalgún xeito, tamén eran a nosa casa. Por iso a nosa era a casa máis enorme que existiu e existe. Na eira había unha palleira —un lugar para gardar herba e outras cousas—. Había un hórreo. O hórreo era como un xoguete. Eu xogaba moito debaixo do hórreo. Agachábame alí. Desde alí tiña unha visión futura do mundo. Porque fóra do hórreo estaban os maiores, soltos na natureza. Unida á casa había unha caseta, unha parte máis. Fora unha casa dunha caseteira e logo pasou a ser un espacio noso. Un lugar máxico, cheo de cousas, roupa vella, libros, caixas, camas... Alí era como se houbese de todo. Era

como unha tenda na que ninguén che cobra nada por ser feliz.

Non tiñamos cuarto de baño. Non eramos uns porcos. Había hixiene. Lavabámonos en baldes, con auga quente. Era moito traballo. Para miña nai, que nos ía lavando a todos. E éramos cinco fillos para lavar. Non me estraña que os seus ollos agora, con 68 anos, estexan enfermos e cansos. Non me estraña que despois de traballar tanto se sinta mal.

Eu tiña conciencia de vivir nunha casa ruín. Soñaba con ter unha casa na vila e irnos todos a vivir a Curtis. Parecíame que na vila íamos ser máis felices. Agora creo que estaba equivocada, pero a cidade sempre soubo deslumbrar moi ben o campo.

Cando xa se empezou a falar de facer un cuarto de baño a min pareceume un enorme adianto, un enorme progreso. “Agora tamén nós imos ser finos”, pensei. Fíxome ilusión pensar na comodidade e na limpeza. Fíxome ilusión entrar nun mundo que eu vía nos libros pero que non vía na miña casa. Ter un cuarto

de baño foi como entrar no argumento dunha película. Fixemos un cuarto de baño na pendella e por primeira vez vin e vivín un mundo de azulexos brancos, moi brancos.

No corral —a parte dianteira da nosa casa— estaba a pendella do forno. Alí facíamos o pan en noites que eran festas. Había tamén un pozo, do que sacabamos auga se tiñamos suficiente forza. Para min o pozo era algo así como a morte. Profundo, escuro; metía medo. Era misterioso como unha película de medo. A súa auga era fresca, cristalina e limpa. Aquela auga si que sabía ben.

Eu sempre quixen conservar aquel mundo, aquela casa, pero aquela casa matouna o tempo. Aquela casa era arrendada, non era nosa. Tiñamos amos e eramos escravos das ideas dos amos. Vivíamos nun mundo propio pero sabíamos que aquel mundo non era noso.

As veces, cando se movían ou escachaban as tellas, chovíanos dentro da casa. E tiñamos que retellar. Chovía dentro e fóra, como se todo estivese unido. Era unha casa fría, moi fría. No

inverno era difícil vivir nela. Sobre todo para miña tía, que non se achegaba ao lume. Quero que volten eses tempos felices pero non quero que volten eses tempos pobres. A pobreza ás veces é cruel e inhumana. Pódese levar con dignidade pero vai doendo no corazón, vai mancando, vai ferindo. As mans de miña tía sempre estaban negras co frío no inverno. Non quero voltar a ver nunca máis esas mans negras.

· Un mundo branco

Como xa dixeron non tiñamos un cuarto de baño. Para mexar, cagar e bañarse. E esas tres funcións resultaban complicadas. Facíanse na casa e na natureza. Meus irmáns maiores matinaron e atoparon unha solución para os baños. Foi todo un invento. Quentabamos a auga na lareira. Nunha habitación puxeron unha bañeira. Sobre a bañeira un gran recipiente cun buratiño. Enchían, a caldeiros, aquel recipiente e a auga saía polo burato. Empezamos a lavarnos

así. É como se na miseria medrase a imaxinación. Para min era gracioso aquel xeito de bañarse, de que caese a auga por min abaixo, mentres miña nai me lavaba. Era como unha chuva bonita. Agradábel como un xogo. Aínda que tamén lembro con cariño os lavados nos baldes. Cando miña nai, cun tanque, botaba a auga polo meu corpo neno. Lavarme era unha forma de amarme e de eu sentirme querida e atendida. Atendida por ela, que traballaba tanto e que ás veces non tiña tempo para estar e falar connigo. Os lavados eran un ritual, un encontro íntimo entre nai e filla. Unha filla núa, que se entregaba a súa nai.

Máis tarde fixemos un servizo na eira. Había que andar uns cen metros para chegar. Estaba ao lado da corte dos porcos. Só tiña unha peza, o que chamamos a "taza" do váter. Fíxonos ilusión a todos. Púxoo meu irmán Arturo, que era algo albanel. Non sinto vergoña en contar esta historia. Non sinto tristura. Sinto que houbo progresos nas vidas de todos nós.

Finalmente fixemos o cuarto de baño, con

ducha, vidé e taza e lavabo. Foi como entrar nun palacio. Foi como atravesar a historia e rachar a liña da pobreza. Quero decir que foi como saír da noite. Naquela casa escura fixemos un mundo branco.

· A XENTE

A miña xente está limpa por dentro. Son persoas como calquera persoas. Viven integradas na nudez do campo. Teñen máis vergoña que nas cidades, e quizais máis nobreza. Son máis tímidos, menos fortes. Teñen conciencia de ser no mundo como os últimos indios que quedan. De pequena vía neles que non se sentían dignos da vida. De pequena eu vía que eran un mundo lonxe do mundo. Ou un mundo fóra do mundo. Aínda agora acostuman dicir que o galego que falan non é idioma nin é nada. Aínda agora séntense pequenos. E humanos.

É humano sentirse mal cando o mundo te nega. Cando non che deixan producir leite. Cando che din que vas mal vestido. Cando tes

a pel completamente estropeada polo ar e polo frío. E ves xente coa pel fina que che cuspe na cara.

Cando digo que son nobres digo que teñen un corazón grande. Que fronte a tanto sometimento reaccionan e reaccionaron con firmeza. O idioma aguantou nas aldeas, non nas cidades. Esa xente, a miña xente, garda unha tradición, un pasado. Levan o pasado nas veas. E deféndeno con uñas e dentes. Non se deixan domear. Eu mesma herdei algo así. Pódense rir de min, pódenme chamar louca, pero eu son consciente de que non me importa. De que a vida é vida e todos temos dereito a vivila. Todos temos dereito a ter un sitio na vida. Todos temos dereito a encontrar un senso a todo.

Ser da aldea imprime firmeza. O noso interior é como a firmeza dun carballo. Algo que non nos poden violar nin roubar. Viñemos todos de lonxe e traemos as palabras de lonxe, do que marchou. Traemos o pasado nos ollos, para defendelo.

Defendemos os nosos corpos libres. Porque

ser persoa é ter dereito a ser persoa, aínda que pareza unha leria o que digo. Eu de pequena observaba a miña xente crendo que todo o mundo era así, que non había diferencias. Cando medrei pareceume que vivir en contacto coa natureza faiche un carácter, unha personalidade. Vivimos cheos por dentro de terra. Vivimos lendo o ceu e bañándonos no río.

Hai algo animal e alegre e natural e vivo e salvaxe na xente da aldea. Lembro unha mulle-rona que viña á miña casa a algunha festa e que aturuxaba. Era un berro apaixonante. Era teatro, era vida, era forza. Agora xa ninguén aturuxa. Aquela muller era pobre e de súpeto enchíase de ledicia. Eu non entendía moito. Pero gustábame oíla. Gustábame aquel berrismo que xurdía das covas e do inferno. Había unha mestura de ledicia e de animalidade.

“Son como animais”, din os da cidade dos da aldea, cun ton pexorativo. Xa lles gustaría a eles ser como animais. Para min ser como animais é ser máis libres. A cidade róubache esa parte de ti mesma. Diche que te comportes

sempre como unha persoa, non como un can. Eu creó que é como impornos unha máscara. Nunca llo conto a ninguén pero eu unha vez, coidando as vacas, comín unha pouca terra. Fixeno para demostrarme a min mesma que os humanos somos seres animais. Que somos máis felices se nos integramos na natureza. A máscara da cidade doe moito. Dóeme. Doeume poñela.

Deixarnos levar polo instinto, sen atarnos a ningunha cadea, é ser máis libres. Ese instinto de ser felices. Ser felices sen posuír case nada. Na miña casa viviamos dos queixos que se facían de seis ou sete vacas, de vender algún becerro, e do autoconsumo. Viviamos con poucos cartos, pero iso non nos limitaba. Agora non ter cartos limita moito máis. Porque agora o mundo está tolo.

Que o mundo está tolo dise moitas veces nas aldeas galegas, e é verdade. Vivimos un sistema que aniquila. Había moita alegría na aldea, moitas ganas de vivir. Eu tiña un carácter triste pero vivía nun mundo feliz. Algo acoutado

de máis no terreo moral. Algo castrado e tamén algo machista. Non todo vai ser bon o que digo da aldea.

As mulleres tíñanlle pánico ao sexo. O sexo era unha expresión fatal da vida. E desde pequeniñas adestrábanos para que fomos recatadas e parvas. Non había unha educación sexual boa. Segue sen habela, nin na cidade nin no campo. Tamén había machismo, como en todas partes. O home mandaba e a función da muller era obedecer. Eu tiña claro que había cousas que había que romper. Moitos tabús eran introducidos no pobo mediante a igrexa. A igrexa rompíache o corpo.

Miña nai é fondamente católica. Un día destes saíu no telexornal que o papa pedía perdón polos danos ás mulleres feitos desde a igrexa. E miña nai dixo "si, agora xa é tarde". Díxoo triste. Eu intuín que ela sufriu moito e que ese sufrimento non llo quita ninguén nin nada. Que está resentida. Eu tamén estou resentida.

Os veciños. Un mundo bonito, entretecido, con amor e amizade. Xuntábanos todos

para o traballo e para a vida. As relacións eran moi fortes e moi humanas. Saturnino, un veciño da idade dalgúns dos meus irmás, é para min como un irmán. Había e hai familias moi levadas, con grandes vínculos. A veciñanza era un lazo. Un lazo case tan forte como a propia familia.

Eu fun medrando nun ambiente diferente. Marchei ás cidades. Nas cidades non hai veciños, hai moita incomunicación e moita soedade. Unha soedade grande como un abismo. A min o que me gusta da cidade é que non me coñezan todos. Quero decir que na aldea todos están pendentes de todos, todos saben todo. É un mundo pechado. Outro sistema, distinto ao noso. Que funcionaba ben, sen atrancos. Pero a min non me gustaba cando me vían cos primeiros mozos nas festas, na escuridade, e os veciños íanlle co conto a miña nai. A mín doíame. Era como se a xente fose policía para a propia xente. Era un mecanismo de control. A min persoalmente non me gustaba. Eu quería voar libre e aberta. Quería ser máis autónoma,

liberarme, abrirme máis. Non me gustaba estar vixiada todo o tempo.

Hai, por outro lado, persoas moi doces e maravilosas na aldea.

Pilara, unha muller moi amiga miña, chamoume sempre "Lupiña". Nunca endexamais ninguén me chamará polo meu nome con ese amor que ela deposita en min. É algo alucinante. Chámame Lupiña e parece que o mundo estoupa. O amor fai estoupar o mundo.

Hai algo ancestral na xente da aldea. Algo que os fai moi humanos. É importante o xeito de tratar os animais. Trátanos como a persoas. Quérenlle, fálalles. Meu pai estaba sempre de conversa coas vacas e a min parecíame enormemente tenro e bonito e chistoso. Eu observaba en silencio. El marmuraba e marmuraba. El era un home calado. Eu creo que falaba máis coas vacas que coa xente. Parecíalle un mundo máis puro para desenvolverse como persoa. Era o mundo que lle daba de vivir. Non quero dicir que non nos fixera caso, facíanos moito caso.

A xente da aldea é moi dura, soporta moito traballo. Sobre todo no pasado. Traballaban de sol a sol. Traballar era loitar. Traballar era vivir. O traballo era a fonte de todo. Eu creo que eran máis felices que os traballadores do sistema capitalista. Conseguían poucas gañancias, pero eran máis autónomos e por tanto máis donos das súas vidas. Non había xefes nin criados. Todos eramos man de obra.

O traballo ás veces era duro. Deixaba por exemplo pouco tempo para educar e criar os nenos. Os nenos, dalgunha maneira, criabámonos sós. Non había iso da psicoloxía nin dos traumas. Miña nai non lía revistas sobre como educarme. Todo era natural, como xurdía. O ambiente era o libro. Quero dicir que aprendíase mirando, imitando, gozando. Non había tempo para as finuras de hoxe, da psicoloxía e dos coidados. A xente da aldea ás veces ríase dos das cidades, tan meticulosos, tan superficiais. Superficiais porque entenden a educación como se fose unha cursilería, unha fineza. Eu diría que a educación deixa de ser libre para ser

unha máscara. Unha traición ao propio neno, pero son cousas miñas.

Os meus traumas xurdiron cando o urbano me pegou unha forte bofetada, que nunca esqueceréi. Foi forte e definitiva. A vida ideal do campo acabara. Agora, ao saír do campo, tocaba sufrir. Sufrir a colonización da mirada. Había que enfrentarse a un mundo cheo de leis, vindo dun mundo sen leis ningunhas. A aldea era un mundo sen normas, polo menos para min, na miña infancia. Aos seis anos leváronme para Curtis, para a escola, e eu non quería ir. Non quería abandonar a liberdade de correr, manchándome coa terra ao correr. Odiaba o asfalto. Amaba o meu mundo, e iso é o mellor que pode sentir un neno. Foi a cidade e a vila quen me ensinaron a odiar e odiarme, e iso para unha cativa de seis anos é moi duro.

O que eu quixera era que a xente do campo estivese orgullosa de ser de onde é. Eu agora teño moita fachenda da miña orixe. Sen esa orixe creo que me sentiría baleira, de verdade, moi baleira. Non tería un norte para onde mi-

rar, o norte da aldea. Reivindico ese mundo que morre. Reinvidico a brutal experiencia da aldea. Brutal, nun sentido positivo. A aldea doume moitas armas para enfrentarme ás cousas e ao mundo. Levo a claridade dos ríos nos ollos. Teño a sensación de que os da aldea eramos e somos xente sinxela. Sinxela, no sentido de que todo é paz. Todo o que miramos na aldea era e é paz. Eu son libre como un campo. Gústame soñar que aínda vivo nun mundo libre. Gústame soñar que sigo sendo da aldea. Gústame sentilo e escribilo nos meus poemas. Gústame creelo e repetilo. Gústame debuxar na miña cara un monte. Gústame escribir. Gústame falar. Falar en Fisteus coa terra porque a terra di moitas cousas, fala, é animada. Todo, na natureza, era como debuxos animados cos que me divertía. Non vía os debuxos na televisión, víaos na vida. E a xente, resumindo, era unha xente limpa de toda suciedade. Unha xente fermosísima e bonita e alegre como unha boa novela.

A miña catequista na igrexa. Aquela muller inmensamente boa. Quixera adicarlle cousas como a miña vida. Entregarlle o meu amor como ela me entregou o seu. Era e é moi amiga da miña familia. Era e é como se nos quixera moito. Nós queremoslle moito a ela. Ela vive soíña nunha casa pequeniña. Unha casa que parece a casa dunha boneca. Pero ela non se queixa da súa sorte, vive feliz. É tan doce, tan doce, como o mesmo mel. Fala un falar miúdo, concreto, dando grandes e sabias explicacións. Vive na Fraga, unha aldea da miña aldea. As aldeas divídense en aldeas, rus. Vén ver a miña tía e a nós todos os domingos. Nós vivimos no Cruceiro. O Cruceiro de Fisteus, chámanlle.

Nunca dirán o meu nome con tanta dozura como cando ela me chama Lupiña. Cando me chama Lupiña sinto unha cousa tan forte como que a vida tén sentido. É como volver á nenez, felizmente, sempre. É como se houbera no

mundo alguén que te quixese moito. Pilara é unha muller relixiosa. É quen limpa e cuida a igrexa de Fisteus. Faino cun amor infinito. Se todo o mundo puxese tanto amor como ela no que se fai o mundo iría moito mellor, estou segura. Tén só un fillo, ao que quere moito, pero é como se todos fosemos fillos dela. Dalgún xeito sómolo. Axudou a criarnos e educarnos. Educarnos na fe. Eu reneguei un pouco desa fe pero nunca reneguei nin renegarei de Pilara. Paréceme unha muller extraordinaria. Cunha vida sinxela. Cunha forma de ser sinxela. Pero é unha sinxeleza chea de riqueza, de cousas boas. Cando me chama Lupiña sintome ben na vida. Na miña primeira comunión fixéronme unha foto con ela e eu estaba orgullosa de estar na foto cunha muller para min tan digna de ser admirada. Admirada e amada.

· OS ANIMAIIS

Tiñamos moitos animais, nosos, ao noso redor. Era como vivir nun zoo. Desde porcos ata gali-

palabra escravo. Yoli gardaba os meus segredos e eu gardaba os segredos de Yoli. Eramos dúas amigas que navegaban lonxe do mundo. Cos nosos contos, as nosas historias, a nosa infancia, a nosa fantasía. A luz do verán estalaba nos nosos ollos, facéndonos bailar. A luz do sol, tan viva, tan forte. No inverno estabamos separadas por moitos quilómetros. Eramos vítimas dun inferno. O inferno da emigración. Pero nós eramos felices, inmensamente felices. Estabamos cheas de cousas por dentro. A nena Yoli era preciosa como a miña boneca máis querida. Ou máis preciosa quizais, porque me miraba, porque me falaba, porque viña connigo e coas vacas, porque me acompañaba nos traballos sempre. E era maravilloso ter unha amiga tan fiel. Foi a primeira amiga da miña vida e unha das mellores amigas que teño aínda agora. Ela nunca me mirou mal por ser eu de aldea e ela de cidade. Ás veces fun a Bilbao, á súa casa, e acolleume sempre cos brazos abertos.

Nas festas eramos un contraste. Eu son moi morena e ela era moi loira. Eu son máis gordi-

ña e ela é moi delgada. Nas festas pasabámolo moi ben. Son tempos que non volverán pero que quedan na memoria para sempre. E hai amizades que nunca morren.

O IDIOMA

O noso idioma, desde sempre, desde a noite dos séculos, é o galego. Queren, pero non nos poden imponer outro. O idioma da aldea é o galego. Os nenos que na aldea lles aprenden o castelán os seus pais aínda os veciños se rin deles. Falar castelán parece unha fineza fóra de sitio. É como se os árbores, a auga dos ríos, a terra, falasen galego coma nós. Como se non for posíbel outro idioma. A min gústame que sexa así. Que na escola aprendamos moitos idiomas, para vivir e viaxar, pero que na aldea falemos o galego. Que o galego sexa o mellor e o primeiro. Como se for a nosa raíz, a nosa matriz, o noso útero. Como se o galego for a nosa casa.

Realmente o galego foi sempre para min a miña casa. Unha casa bonita e acolledora. Te-

mos unha fala fermosa. Unha vez veu parar unha peruana á miña aldea. Coidaba unha señora maior. Oía o galego por primeira vez e dicíame que lle gustaba, que cando o oía parecíalle que escoitaba unha canción. O galego é melodioso realmente, e tamén un pouco triste, na miña opinión. Triste, no sentido de que viviu unha historia e unha vida duras. E o pasado plásmase na nosa forma de falar. Aquí houbo unha ditadura que prohibiu o galego, que violou a nosa forma de falar, que nos violou por dentro. E por iso na fala non hai odio nunca pero hai resentimento. O propio idioma, como a xente, está dolorido, ferido, resentido. Cústalle moito saír da escuridade. Cústalle resistir a todo este mundo de tecnoloxía, progreso e frío.

A min ensináronme a falar en galego, para que puidese bailar. Bailar e sentirme ben con ese idioma milenario. Bailar e comunicarme e resistir. Unha vez, nun artigo, escribín que quero falar galego toda a vida e que é o único que quero. Realmente poder expresarme no meu

idioma é moi importante para min. Unha vez pensei en facer o *master* do xornal *El País* en Madrid. Era verán e veu á aldea verme un amigo de Santiago. Fomos ao río. Alí falamos. Comenteille a miña idea do *master* pero que non me apetecía vivir en Madrid por non poder falar no meu idioma. El díxome “bueno muller, só sería por un ano”. Pero para min era triste abandonar o meu idioma, aínda que só fose por un ano. Non foi esa a única razón pola que non fixen ese curso, pero foi unha razón entre outras.

Na miña aldea pensan todos que falan mal o galego. Por iso de que dicimos moitos enxebriños e ao tempo moitos castelanismos. Eu mesma pensaba que falaba mal o galego. Ata que tiven como asignatura “Lingua Galega Oral”. O exame era oral e eu estaba moi nerviosa. Marta, unha amiga miña, trataba de tranquilizarme por todos os medios e lembro que me dicía “como vas a suspender se sempre falaches galego?”. Tiven o exame. A profesora foi moi simpática connigo. Case alucino cando

vin a nota que me puxo. Púxome “matrícula de honra”. Eu, desde entón, empecei a dicirilles iso na miña aldea para quitarlles esa sensación de falar mal. Dícialles o da miña boa nota, que a min mesma tanto me estrañou. Pero seguen sen crerme. Nunca os puiden convencer. Eles din que os que falan pola televisión galega si que saben falar ben o gallego —nós dicimos “o gallego” ou o “jallejo”. Nunca dicimos “o galego”—. E eu teño que calar pero eu sei que na televisión non todos falan ben o galego. E que moitos deles cando deixa de enfocarlles a cámara pasan a falar en castelán. Así non poden ter unha boa fonética. Pero ¿como explicárllelo aos da miña aldea? Nunca o entenderon e nunca o entenderán. Sobre todo mentres teñamos uns medios de comunicación tan alleos ao pobo.

Eu sempre falei galego con naturalidade. Con naturalidade e con forza, coa forza dunha vaca parindo un becerro. Pero tamén é certo que cando me ensinaron a escribir e ler aprendino todo en castelán. A miña primeira mestra

foi miña tía, na casa, e logo o colexio, en Curtis. Era e é un xogo violento. Porque é moi triste non falar con naturalidade no noso idioma. Ter o mundo dividido. Falar un idioma e escribir e ler outro. Para min foi terríbel, unha dura e pura castración. E logo cando fun a estudar á Coruña aínda foi peor, porque falaba castelán. Abandonaba a miña vida libre na aldea. Abandonaba a forza da vaca parindo o becerro. Non sei como explicalo. Foi moi triste. Parecía que non doía, que non pasaba nada, que todo era feliz e normal, pero no fondo pasaban cousas. No fondo eu sentía unha dor moi grande. Unha ferida enorme. Unha violencia enorme dentro de min mesma. Unha loita, como se levase aínda os repousos da guerra civil do 36 dentro de min. Estaban maltratando a miña identidade. O sistema estaba creando en min un trauma. Difícil de resolver. Resolvino con bágoas. Resolvino ou aínda non o resolvín. Aínda me doe. Son consciente de que no galego escrito teño moitos erros, e iso enfádame. Cabréame non ser libre na miña

lingua. Non ser libre para expresarme. Escribo para que leades no idioma galego, o idioma que me roubaron. Para que os rapaces da aldea non sintades que sodes “menos” que os da cidade. Porque é mentira. Porque todos somos iguais e todos temos dereito a falar, vivir, decidir. En galego ou en español, no idioma que elixamos ou que elixan os nosos pais por nós. Eu animo os pais a recuperar o galego. A non deixar que se perda. A non suicidarnos ou deixarnos morrer a nós mesmos.

Eu animo a que volvamos polo galego. Debe ser un idioma de raza e de prestixio. Quero dicir que debe ser un idioma como outro, tan respectado como outro. É horríbel ir ao médico e que non che contesten no idioma no que ti falas. Sobre todo para as persoas maiores, que non aprenderon moi ben o castelán. Que se senten fóra do mundo. Temos que ser respectuosos con todos. Tamén cos da aldea, eses que en teoría son máis pobres. Con menos cartos. Máis atrasados. Todo iso non son máis que prexuízos e tópicos.

Cando eu estaba na Coruña poucos nenos falaban galego. Agora, en Santiago, encántame escoitar os nenos aprender a falar no idioma galego, como debe ser, como a min me gusta.

Na aldea había unha idea entre a xente. Pensaban —ou pensabamos— e dicíase moitas veces que os nenos que falan castelán parecen e son máis bonitos que os nenos que falan galego. Como se os de aquí fosen máis brutos, con menos dereito a existir. Con menos dereito a ser bonitos. É unha idea terríbel. Terríbel para un neno ou unha nena que se criou na aldea sempre. Ademais esa idea é unha idea contra nós mesmos. Porque os que a sosteñen e sosteñan na súa infancia tamén falaran galego. E por tanto é como dicirnos a nós mesmos “qué feos somos”. É ser masocas, pegarnos, como se quixeramos andar a paus con nós mesmos.

Eu medrei. Sufríñ. Marchei. Teño vinteoito anos. Amo o galego profundamente. Quizais é unha das cousas que máis amo no mundo. E é certo que “quero falar galego toda a vida e é o único que quero”. E amando o galego apren-

do a quererme tamén un pouquiño a min mesma. E iso é importante, para unha nena, ou para unha muller.

Para min o galego é unha bandeira. Algo que quero defender con uñas e dentes. Pero sobre todo o galego é algo que amo moito. Gustaríame acabar co autonomo da xente da miña aldea. Gustaríame que miñas irmás no Corte Inglés falasen única e exclusivamente en galego. Como se non coñecesen nin de oídas o castelán. Para petar nas cabezas dos que están cheos de prexuízos contra o galego.

Non nos poden ferir máis. Temos que reaxir. Temos que sentirnos ben no mundo. Superar os medos e as feridas. Falar galego é falar ben. Sen perder a oportunidade de aprender o español. A miña infancia foi bonita, limpa, salvable. Pero xa na adolescencia déuseme por romperme por dentro e chorar a todas horas e por todo. E era por iso. Porque batín coa cidade e coa vila e co castelán. Choraba por esa enorme dicotomía que sentía dentro de min. Sentía como unha separación enorme entre o resto

do mundo e eu. Ser da aldea era unha cousa que había que disimular, agochar. Non quero que os nenos de agora pasen polo que eu pasei. Non quero que sintan o que eu sentín. Teño un sobriño de quince anos e eu creo que para el é natural falar galego, que non se sente mal por iso. Tamén é certo que el, por sorte, puido estudar sen ter que marchar tan noviño da casa. Sen ter que abandonar a aldea. Se hai que falar castelán meu sobriño Dani fálo pero eu creo que non sente que un idioma sexa superior ao outro.

Non hai nunca idiomas superiores nin razas superiores. Non pode voltar o fascismo nin o nazismo. Temos que ser orgullosos do noso, sen necesidade de impoñer nada. Eu non quero impoñer o galego a ninguén. Como di unha canción "se tanto amáde-lo alleo sodes libres de marchar". E sempre penso nesa canción cando participo en discusións nas que se me tacha de nacionalista e fanática. Cando me din que non se poden impoñer os idiomas e cando me explican, cheos de razón, que non im-

porta que se perda o galego. Que o importante agora é o inglés. Moito me enfado cando se producen estes intercambios de opinións. Moito me enfado porque non quero sentirme fea por falar galego. Nin fea nin atrasada nin palésta. Teño a miña dignidade. Amo o meu idioma. Ámo con toda a forza do mundo. Desexo que os nenos das aldeas non vivan traumas. Desexo que na cidade os nenos falen tamén galego. Desexo que o noso país, Galicia, non morra. Pode morrer. Iso está máis que claro e temos que telo presente. E sentir que facemos historia. Falar todos este idioma, que como dicía a peruana, é como unha canción. Porque é fermoso. Porque é libre e natural. Porque é o que nos ensinaron nosos pais e debemos respectar e querer aos nosos antepasados.

· Amo a miña gheada

Dicir “jato”, “jaliña”. Eu estou orgullosa de dicir jato e jaliña. Eu estou orgullosa de ser da aldea. Como outros teñen unha chaqueta vella

que aman eu teño unha historia e unha gheada. A historia dunha nena que se criou no monte e no frío. A historia de alguén que se entusiasinou coa felicidade e con escribir.

Teño que dicir que en Santiago, na carreira, escondín a miña gheada. Dábame vergoña. Unha vergoña estúpida. Lembro unha amiguiña moi *pija* que tiña. Era da Coruña e falaba castelán. Decía que “a ella el gallego le gustaba, pero la gheada sí que no”. Que pola gheada non pasaba. E eu oía e sentíame mal. Eu quería ser libre. Eu non quería encerrarme nun cárcere. Pero a sociedade encerrábame na miña propia tristura. Na negación de min mesma.

Había en Fisteus mozos que ían estudar fóra e voltaban sin gheada. E todos na aldea dicían “qué ben fala ese rapaz o galego, cómo se lle nota que estudiou”. Eu nunca quixen renunciar a falar con gheada polo menos na aldea. Á miña aldea nunca fun co refinamento de dicir Santiago en vez de Santiajo. Eu dixen sempre Santiajo.

Na clase de galego, en Xornalismo, preguntei ao mestre —eu, que nunca interviña na cla-

se— cómo podía expresar a gheada na escrita. E díxome o de “gh”. A min ese fonema non me convenceu. Pero eu quería manifestar a miña gheada. Cando medrei, dinme de conta de que tiña que falar sempre con gheada. E agora fágoo. Cando recito poesía, cando falo en público, cando falo na casa, cando falei na radio, sempre con gheada.

Porque é ben certo que como outros teñen un traxe vello que aman eu teño unha historia e unha gheada. Un xeito de falar especial. E por ser especial é divertido. Máis divertido que se en todas as partes de Galicia falásemos do mesmo xeito. Na diversidade está a nosa riqueza como persoas e como pobo.

· AS MULLERES

Ser muller na aldea era como andar espida pola rúa. Era algo salvaxe. Era algo difícil. Non creo que a miña aldea fose un matriarcado. Eu creo que mandaban máis os homes.

Eu nacín na placenta dunha muller nobre.

Para min houbo dúas nais, miña nai verdadeira e miña tía, que eran irmás. As dúas leváronme polos camiños primeiros da vida, ensinándome a andar. Eu ás veces non estaba de acordo con elas, pero ía obedecendo. Obedecer é importante. Tan importante como rebelarse. Tiven máis nais, miñas irmás. Eran miñas irmás para min como un exemplo que me poñía a vida. Miñas irmás eran para min como os primeiros lugares por onde andar.

Corpos de mulleres, lugares de vida. Lugares para ser sementados e completados polos homes. O corpo da muller era unha páxina de luz. Eu non desexei nunca ser un home nin marchar da miña condición feminina. Pero ás veces fastidiábame cando vía que meus irmáns varóns tiñan máis liberdade ca min. Eles podían saír de troula. Eu non. Eu tiña que ter medo do outro sexo. Eu non podía camiñar soa e libre. Tiña que andar cos homes connigo, como policías que me vixiaban e castraban. E dígoo con todo o cariño do mundo para os homes da miña familia. Pero eu non entendía tanta vi-

xiancia. Quería andar libre e solta. E estou falando de cando xa empecei a ser maior.

Para unha muller medrar é como negarse a si mesma. A aldea ensinaba que o ideal é quedar-se sempre pequena, sen que nunca nos veña a regra, sen que nunca teñamos contacto sexual cos homes. Os homes eran como uns violadores para min e para as mulleres da aldea. Eu non entendía ese medo ao outro sexo e sempre foi importante para min superalo. Había unha educación herdada de que o sexo era algo pecaminoso, sagrado, escuro. Portas dunha casa na que nunca debías entrar. E iso aínda daba máis ganas de atravesar esas portas, rompelas, facelas estoupar, abrir o sexo, descubrir-se, sangrar, amar. O amor, en certo modo, foínos negado ás mulleres. A igrexa e o franquismo tiveron moita culpa. Eran morte, eran represión. Non nos deixaban vivir en liberdade. Falar, rebentar, era importante para min. Rachar tanto escurantismo, tanta escuridade. A escuridade do sexo feminino.

Eu era pequena e viamos a televisión. Había

escenas de sexo. Miña nai, ante elas, sempre dicía "qué asco". Diciáo con rotundidade. E eu ficaba asombrada, non sabía por qué había ese tabú na mente de miña nai. Eu era pequena e aprendía que había que fuxir do contacto bonito dos corpos. Ás veces reñíanme cando me achegaba algo aos homes. Non era máis que unha cativa e non entendía nada. Pero iso fixo fronteiras e feridas en min. Tanta moralidade tonta atontoume.

Aprendín que ser muller é ser un ser triste, dentro dunha caverna, illada, vencida, morta. Que o home fai e a muller deixa facer. Ou que o home ataca e a muller debe resistirse. Resistir e rechazar, como se o amor fose unha guerra.

Dalgún xeito, ás mulleres da aldea roubóuse-nos a palabra. Non podíamos ser seres creadores. Só ser seres reprimidos e vivir en función do home. Non podíamos falar primeiro. Tiñamos que ser sempre as últimas. Non preguntar, só responder, e mellor se era en voz baixa. Como se foramos as últimas condenadas do

misterio da vida. Como se non tiveramos dereito a existir e voar.

Os homes roubábannos o desexo sexual para reprimir en nós o subconsciente. Para crear seres dependentes e continuar a xinea estúpida da historia. Cando te dabas de conta de que querías falar dábaste de conta de que xa che roubaran a palabra. De que tiñas moito que dicir pero que non podías dicir nada, porque era pecado e quedaba feo. Quedaba feo ser muller cando se acababa o mundo. Empezaba outro mundo moderno no que as mulleres estamos máis liberadas. Ser muller é ser unha caixa preciosa que garda a vida. Ser muller é ser máis sensíbel que o home e continuar a vida calada e libre.

O home traballaba fóra, nos campos, e a muller traballaba fóra e dentro da casa. Traballábase moitísimo daquela. Pasábase frío e tristura. Cansaba. As miñas antepasadas case non puideron ir á escola. Case non sabían ler nin escribir. Había que traballar para gañar a comida. Para sobrevivir. Eran os restos da aldea, un

mundo canso. Agora todo é estudar, pero daquela non podían, nin homes nin mulleres.

No corpo e na alma de miña nai hai moitos esforzos, moitos traballos, moita alegría, moito cansazo. Traballar era o único que se facía en todo o día. Tanto traballo impedía falar, sentir, pensar. Impedía cousas como dialogar. A min ás veces iso non me gustaba. O mundo do traballo roubábame a miña nai. Era un roubo grande. Eu sentía que medraba soa. Sen axuda. Que me valía por min mesma. Tamén é certo que o meu carácter sempre foi moi solitario e independente. Pero a aldea, de xeito positivo, axudoume a ser así. Axudoume a comportarme como adulta mesmo en idades pequenas. Axudoume a ter certa sabedoría, a valerme por min mesma na vida, a ser forte. E iso é algo que agradezo a aquel mundo bonito de vida e misterio. Medrei forte. Sen dores, sen traumas. Medrei enfrontándome como muller ao mundo. Coa necesidade de romper a sumisión. Pouco a pouco, ía medrando, e aprendendo que o meu sexo tiña que rebelarse, saír do si-

lencio. O silencio da aldea é como unha fortaleza que levo dentro. Quero conseguir xustiza e saír de min mesma.

Sempre me chamaron a atención cousas como a distribución da xente na mesa de comer. Sobre todo os días de reunión familiar. As mulleres, todas sentadas no lado da cociña, para traballar e servir a mesa. E os homes no lado cómodo. É algo que se conserva, un ritual que se repetiu e repite no tempo. É algo que non me gusta. Penso que hai que repartir os traballos. Hai que progresar, evolucionar, romper o frío. Non somos criadas, somos persoas, con dereitos. A nosa función única non é servir ao home. O home ten que saír da néboa da historia e comprender e axudar. A muller non é un obxecto vacío de valor. A muller non é unha casa pechada. Ten que abrirse. E o home ten que axudar. Temos que rachar a Historia entre todos. É necesario.

Ser muller ás veces dá ganas de chorar. Outras veces pareceume e paréceme fermoso. Algo así como un reto. Algo como levar unha

revolución dentro e necesitar sacala fóra. Ser amigos mulleres e homes. Amigos como Benito e mais eu. Benito era un rapaz da aldea. Súa nai estaba en Alemaña. Cando viña traíanos regalos. Unha vez trouxonos uns chaveiros para meter fotos. Tiñamos seis anos ou así. El traía no seu chaveiro unha foto miña e eu unha foto súa. E corríamos polos campos, inocentes, pequenos, amigos. Lembro que a el gustáballe xogar con bonecas, aínda non era un home, aínda non o castraran. E lembro xogar a correr con el, correr como tolos. Amigos na aldea. Sen nada que nos separase. Cada un coa foto do outro, como verdadeiros nenos namorados. Eu aínda non sabía que as nenas xogan coas nenas e os nenos cos nenos. Aínda eramos salvaxes e queriámonos un ao outro, sen fronteiras. Ser de sexos diferentes non nos separaba. Así debería ser sempre nas nosas vidas. Ser todos iguais, sen que nos pesase o machismo nas cabezas.

Galicia é unha muller. Unha muller núa coa cara alegre. Galicia é unha nena da aldea que

renace despois de estar moito tempo calada. Galicia é unha moza, libre e con dereitos, entre mozos e mozas. Galicia é un coito co home. Unir sexos en vez de separalos. Galicia é unha muller e é unha nai. Unha nai con forza. Como a miña, que é maior e segue traballando moito. Unha matria na que cantamos cancións alegres, e superamos as cicatrices interiores. Esas feridas interiorizadas para sempre. Feridas que todas as mulleres temos que rachar.

O meu sexo estivo atado. Agora quero correr e escapar. Desátome e desateime. É unha conta pendiente. O matrimonio era o final desexado, a obrigación, o ideal de vida para todas. Iso cambiou moito. Na mentalidade da aldea había a idea de que a muller, en parella, tiña que dar sempre o seu brazo a torcer. A idea de que eles eran superiores. A fatal idea de que "as mulleres teñen que aguantar" en maior medida que os homes. E a min paréceme unha aberración. As mulleres maiores aconsellaban sumisión, entrega e sacrificio ás mulleres máis novas nas

súas relacións cos homes. A min iso poñíame histérica. Non é xusto nin humano. Hai que romper esas fatais mentalidades. Entrar no interior do mundo e protagonizalo. Ser tan protagonistas como eles. Paréceme fundamental e necesario. Hai que abrir o pasado e repensalo e redescubrir.

Hai que devolverlle á muller a súa dignidade perdida. Hai que camiñar libres polo vento. Recuperar a palabra e a responsabilidade do mundo. Tan responsábeis somos nós como eles. Merecemos amor, protagonismo, arte.

Eu quixera curar as dores pasadas pero xa é imposíbel. Agora no mundo moderno tamén hai moitísimos malos tratos ás mulleres por parte dos homes. Miña nai mírao na televisión e di que "ás mulleres sempre nos tocou ser vítimas" e dío cunha dor terríbel. Unha dor que me produce medo. Sensación de que non imos para un mundo mellor. Sensación de que este mundo de hoxe tamén está perdido. Sensación de que aínda hai moito que facer, por parte dos dous sexos.

Non pode ser que sexamos sempre vítimas, seres pasivos e mortos. E non se trata de botar a culpa a ninguén. Supoño que homes e mulleres temos todos a nosa parte de culpa. Homes e mulleres temos que reaxir con forza. Ata atopar un equilibrio, un xusto medio, un entendemento.

O tema da culpa é un tema católico que temos que desbotar. Pero hai que loitar para estarmos espidas e fortes e seguras. O meu carácter independente, que aprendín na aldea, axúdame a loitar. Ver o sexo con ollos limpos. Non vivir en función do home. Escribir, falar. Recuperar a palabra. Desexar un mundo xusto.

As mulleres da aldea son seres fortes, curtidos, sacrificados. Son seres máis puros que nas cidades. Eu admiro a muller da aldea. Mesmo admiro a súa entrega ao home. Porque a pesar dos traballos que lle tocou vivir soubo soportar todo. Admiro a súa capacidade de sufrimento. Gústame mirarme nos seus ollos para aprender algo delas. Pero tamén intento que

vexan outras cousas nos meus ollos de muller nova. Máis liberdade. Acabouse o tempo de baixar a cabeza e resignarse. Acabouse a noite. Empeza para nós o día.

Escribir poemas é para min a miña arma. Sempre digo a metáfora de que son unha puta e miña nai xa non se escandaliza. Ao contrario, tómao con humor, e aprende os meus versos e sicaos a relucir como refráns, e eu alégrome ao mesmo tempo por min e por ela. Ela ten a sorte de que non tivo un home machista, tivo un home moi bon.

Meu pai, aquel ser que idealizo porque morreu e porque lle quixen moito. Agora que o penso en meu pai había moita feminidade, moita saudade, moita sensibilidade, moita bondade. Ensinoume a ser unha muller enteira e íntegra e a non odiar nunca o home. A comprender ao home. A ver o feminismo desde outro punto de vista. Desde o punto de vista dun home que me comprendía.

Nunca che explican que é a regra. Telo que descubrir ti soa cando che vén. Eu, cando me veu a regra asusteime, desgusteime. Como se fose un desgusto ser muller. Como se descubrise de súpeto que ser muller é algo suxo e feo. De súpeto vin sangue que saía de min e pensei que estaba enferma, que podía morrer. Foi unha cousa de moito impacto en min mesma. O primeiro que fixen foi chorar. E despois ensinar aquilo tan grave a miña nai. Miña nai tranquilizoume. Dixo que era normal e que me ía pasar todos os meses. E tamén me sairon tetos e odiei aqueles vultos, aquelas tetos. Aínda era nova e ás miñas amigas do colexio non lles pasara. Eu sentíame como a única defectuosa nun mundo de rapazas normais. Sentía como se medrase de súpeto e me fixese alta e responsábel. Ao mesmo tempo todo era como ser por dentro un monstro. Desenvolverme, acostumar a un novo corpo. Acostumar a un corpo que sangraba. Sen saber por que.

Non me explicaron que así podía ter fillos. O dos fillos deixábano para despois, e eu creo que hai que explicalo todo. Coas amigas e amigos ías descubrindo cousas que non che dicían. Cousas escuras. As cousas escuras do sexo. Esa palabra tan machacada que nunca se di con naturalidade, que era o que eu demandaba. Sinceridade. Palabras que explicasen a profundidade de ser muller. Para amar ser muller. Para amarme a min mesma, unha cuestión prioritaria de saúde mental. As mulleres somos seres indefinidos porque nunca nos explican qué é ser muller. Polo menos antes ocorría. Agora pode que todo cambiase, ou que todo siga igual. Pode ser que as mulleres sigamos sen ser importantes na sociedade e na familia. Eu quero rezar para que todo cambie.

· AS FEIRAS

Eu, sendo nova, sempre quixen ir ás feiras. Eran un motivo de alegría fundamental. Era como se de súpeto o corazón che batese a máis